



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

OFERTA PERSOAL ESTATUTARIO 2016 XESTIÓN E SERVIZOS

3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓNS:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. - Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (as 2 últimas, da G11 e G12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números G1 e G12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Indique a frase correcta en galego:

- A) Hai que ter conta da lingua e saber o que se dí.
- B) Ai que ter conta da lingua e saber o que se dice.
- C) Hai que ter conta da lingua e saber o que se di.
- D) Hay que ter conta da lingua é saber o que se di.

2. Sinale a forma correcta:

- A) Non existe apoio legal algún.
- B) Non esiste apoio legal algún.
- C) Non existe apoio legal ningún.
- D) Non existe apoyo legal ningún.

3. Sinale a forma correcta en galego:

- A) O louván aquel pretendía estafarnos.
- B) O loubán aquel pretendía extafarnos.
- C) O loubán aquel pretendía estafarnos.
- D) O louván aquel pretendía extafarnos.

4. Indique a forma plural da palabra "fiel":

- A) Fiels.
- B) Fieis.
- C) Fieles.
- D) Fielens.

5. O instrumento a modo de leito portátil para o traslado de enfermos ou feridos, que pode levarse á man ou sobre rodas, recibe en galego o nome de:

- A) Padexo.
- B) Padia.
- C) Padiola.
- D) Paidieira.

6. Das seguintes palabras, sinale a forma correcta en galego:

- A) Perfección.
- B) Seletivo.
- C) Extrano.
- D) Inmanencia.

7. Para expresar en galego unha situación de grave oposición ou loita entre dúas persoas, grupos, países, exercitos, etc,, utilízase a palabra:

- A) Conflito.
- B) Algarada.
- C) Conflicto.
- D) Balbordo .

8. Sinale a frase correcta en galego:

- A) O Alcalde de Carballo.
- B) O alcalde de Carballo.
- C) O Alcalde de carballo.
- D) O alcalde de carballo

9. Con respecto a utilización das siglas en galego, sinale a resposta NON CERTA:

- A) A utilización por primeira vez vai entre paréntese.
- B) Nunca levan puntos entre as letras.
- C) Teñen plural.
- D) Teñen o xénero do substantivo principal do sintagma.

10. A perda total ou parcial do movemento ou da sensibilidade nunha ou varias partes do corpo, recibe o nome en galego de:

- A) Paralise.
- B) Paralisis.
- C) Paralipse.
- D) Parálise.

Preguntas de reserva

1. Sinala o nome en galego dunha persoa que actúa con astucia ou malicia.

- A) Pillabán.
- B) Pícido.
- C) Pillador.
- D) As respostas B e C son certas.

2. Das seguintes palabras en galego sinale a forma INCORRECTA:

- A) Anécdota.
- B) Exceder.
- C) Dirección.
- D) Exacción.